

# Atlantic Food Origins & Taste the Sea

Evento de promoción internacional da  
gastronomía galega en EAU



## ATLANTIC FOOD ORIGINS & TASTE THE SEA



22 de outubro 2025



Dubai, Emiratos Árabes Unidos

Clusaga, en colaboración coa Consellería do Mar, organiza o evento **Taste The Sea**, unha acción de promoción internacional da gastronomía galega no Golfo Pérsico.

O obxectivo é **favorecer a internacionalización das empresas galegas** do sector mar-alimentario e agroalimentario, poñendo en valor os produtos do mar e outros alimentos e bebidas de Galicia ante un público profesional de alto nivel do mercado de Emiratos, como importadores, chefs, distribuidores e prescritores.

O evento principal consistirá nun **cóctel gastronómico profesional**, onde se ofrecerán degustacións de produtos galegos de alta calidade, especialmente do mar, maridados con outros produtos galegos que os complementen.

A xornada do evento Taste The Sea terá lugar na tarde do **22 de outubro** en Dubai. Complementariamente, están previstas as seguintes actividades:

- **Visita institucional ao ICEX en Dubai:** sesión informativa sobre o mercado do Golfo e oportunidades para o sector agroalimentario.
- **Visita storecheck:** percorrido por superficies especializadas para coñecer tendencias e canles de comercialización.
- **Visita á feira ADIFE** (Abu Dhabi International Food Exhibition): encontro profesional cunha mostra da oferta alimentaria do mercado MENA.

As empresas participantes na modalidade presencial poderán acceder a todas estas actividades. O programa poderá ser adaptado segundo a dispoñibilidade das entidades locais e axentes participantes.

O evento principal: **Atlantic Food Origins & Taste the Sea (Dubai)** incluírá:

- Recepción e cóctel gastronómico con degustación de produtos galegos.
- Presentación institucional e das empresas participantes no evento.
- Activacións en vivo e espazo para networking con profesionais convidados.
- Encontros B2B organizados e facilitación de contactos comerciais clave.

As empresas interesadas poden escoller unha das seguintes modalidades:

### Modalidade 1. Participación a través do envío e presentación de produtos

- Envío de produtos para a súa degustación no evento.
- Inclusión no catálogo promocional que se entregará aos asistentes profesionais.
- Entrega de material promocional propio (fichas técnicas, dípticos, mostras, etc.).
- Difusión da marca a través da comunicación institucional do evento.

### Modalidade 2. Participación presencial no evento + axenda adicional

- Presenza no evento para atender a clientes potenciais e participar nas presentacións.
- Posibilidade de contar cunha axenda B2B personalizada (servizo adicional\*).
- Participación nas visitas institucionais e profesionais (ICEX, storecheck, feira ADIFE).
- Acceso a espazos de visibilidade e networking reforzado.



XUNTA  
DE GALICIA



Cofinanciado por  
la Unión Europea



clúster alimentario de galicia

# Atlantic Food Origins & Taste the Sea

Evento de promoción internacional da  
gastronomía galega en EAU



## ATLANTIC FOOD ORIGINS & TASTE THE SEA



22 de outubro 2025



Dubai, Emiratos Árabes Unidos

### Participación no evento – Modalidade 1. Participación a través do envío e presentación de produtos

- Xestión de produtos: O Clúster encárgase da recepción, almacenaxe e presentación dos produtos para a degustación.
- Catálogo promocional: Os produtos estarán incluídos no catálogo que se entregará aos profesionais asistentes.
- Material promocional: Distribución do material promocional propio das empresas durante o evento.
- Comunicación: Difusión da marca a través da comunicación oficial do evento.

Co apoio da Xunta e o Programa Competemar, quedan cubertos os gastos relativos á organización do evento. Custos adicionais: os gastos de envío internacional e loxística ata Dubai corren a cargo das empresas.

### Participación no evento – Modalidade 2. Participación presencial no evento e axenda adicional

- Espazo de exposición: As empresas dispoñen dun espazo para atender clientes e profesionais en Dubai.
- Visitas institucionais: Participación nas visitas organizadas no mercado local.
- Axenda B2B personalizada: Posibilidade de organizar encontros personalizados con compradores potenciais.
- Material promocional: Entrega de material básico durante o evento para apoiar a promoción.
- Activacións e networking: Inclusión nas activacións en vivo e oportunidades de networking.

Custos non incluídos na Modalidade 2. Despesas persoais: Non se inclúen desprazamento, estanza, visados nin manutención. Envío de produtos: O envío e loxística dos produtos tamén corren a cargo das empresas. Servizos extra: Os custos asociados a peticións especiais ou servizos adicionais non están contemplados.

### Subvencións e apoios económicos:

Esta acción pódese incluír dentro da convocatoria da Cámara de Santiago, completando a súa misión comercial coa participación neste evento, incluíndo gastos de desprazamento, loxística e contratación de axenda. Esta subvención está suxeita a alcanzar un número mínimo de participantes. Para máis información, pódese consultar a [convocatoria na web da Cámara de Santiago](#).

### Contacto para dúbidas:

Para calquera dúbida ou consulta, pódese contactar con Clusaga a través do correo electrónico: [international@clusaga.org](mailto:international@clusaga.org)

MANIFESTACIÓN DE INTERESE